

■ SESIÓN INAUGURAL

Emilio Pérez Touriño

Presidente da Xunta de Galicia



Señor Reitor Magnífico da Universidade de Santiago,
Sr. representante de la Comisión Gestora de la Asociación Española de Investigación de la Comunicación,
Sr. alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela,
Sra. conselleira de Cultura e Deporte,
Señoras e señores congresistas,

Nos últimos quince anos, o sector da comunicación experimentou cambios radicais. Desde a aparición de Internet e da incorporación da tecnoloxía dixital, asistimos a unha profunda transformación que non deixa indiferente a ninguén e que afecta ao conxunto da cidadanía.

Os medios tradicionais non só tiveron que mudar as súas infraestruturas tecnolóxicas, senón que deberon mudar as súas estratexias para acomodalas ao novo contexto.

Paralelamente, irromperon no escenario da comunicación novos actores e xurdiu un fenómeno aínda máis singular: os cidadáns aproveitaron as novas ferramentas para producir información e transmitila sen intermediarios.

Por primeira vez, a través de Internet, estableceuse unha fluída rede de comunicación entre todos os recantos do mundo.

A sombra da tecnoloxía dixital acompáñanos a todas partes. A súa presenza gaña terreo en todos os ámbitos da sociedade. E a súa importancia na evolución do hipersector da comunicación non deixou de incrementarse nos últimos anos.

O selo dixital non só cambiou o panorama do sistema mediático, senón que supuxo novos desafíos, riscos e oportunidades, para a industria e para a propia sociedade.

Ese mundo dixital, no que estamos mergullados, abre aos cidadáns posibilidades insospeitadas hai só tres ou catro lustros. A facilidade de uso das novas tecnoloxías, xunto coa facilidade de acceso a un inxente volume de información con custos asumibles, traspasou vellas fronteiras e abriu novos horizontes.



A revolución dixital é tamén unha das claves de acceso a unha economía baseada no coñecemento e nos procesos de innovación para mellorar a competitividade.

Este feito afecta ao conxunto da sociedade e, de forma específica, á industria da comunicación, que cobra especial relevancia neste novo marco. Por iso, neste foro internacional, quero reafirmar o compromiso do Goberno que presido para situar a Galicia no núcleo da sociedade do coñecemento.

Un compromiso que se traduce nunha potente aposta pola educación, a innovación e a investigación, con especial énfase na incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación. Esa liña de actuación estratéxica móvese en dúas direccións: no plano das infraestruturas e no ámbito educativo.

Na primeira desas vertentes, o noso obxectivo consiste en estender a banda ampla a todo o territorio galego, despregar a televisión dixital antes do apagamento analóxico previsto para o 2010 e suprimir as zonas de sombra que aínda padece a telefonía móbil.

Na esfera formativa, perseguimos alfabetizar dixitalmente ás novas xeracións e capacitalas para que podan aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías. Como premisa indispensable desa orientación, estamos acometendo un esforzo sen precedentes no equipamento dos centros educativos, tanto no que respecta ao acceso a Internet como no relativo ao equipamento informático.

Unha boa mostra dese esforzo reflíctese na ratio entre o número de alumnos e de ordenadores: cando asumimos o Goberno, a relación era de 12 alumnos por ordenador; este ano rebaixámola a 6 alumnos por ordenador.

Dicía antes que a transformación experimentada no sector e nas formas de comunicarse da cidadanía provocou cambios nos plans de formación, actualmente en fase de adaptación ao espazo europeo de educación superior.

Pero esa transformación tamén modificou substancialmente os obxectivos e os retos dos investigadores.

A investigación en materia de comunicación, que en Galicia e en España avanzou significativamente nas últimas décadas, precisa hoxe poñerse ao día e definir con precisión os obxectivos que lle proporcionen voz propia no concerto europeo.

Os estudos de comunicación, que amosan un crecemento espectacular nos últimos vintecinco anos, constitúen unha importante base de partida nesa dirección.

Desde os departamentos destas facultades de Ciencias da Comunicación xerouse unha importante produción teórica sobre este campo científico e promovéronse importantes proxectos de investigación.



Trátase, pois, de analizar as mutacións do novo contexto, enfrontarse aos novos desafíos e proseguir o camiño. Porque sabemos que a comunicación é un imprescindible factor de cohesión social. E sabemos igualmente que a igualdade de oportunidades no acceso á información traça o camiño cara a unha sociedade máis libre e máis xusta.

Xa que logo, como presidente do Goberno galego, quero felicitar aos promotores e comité organizador desta asemblea.

Un congreso que, baixo o rubro “Investigar a Comunicación”, reúne a prestixiosos investigadores de todo o mundo, vai facilitar o intercambio de coñecementos e de valores, e permitirá, sen dúbida, extraer frutíferas conclusións no eido da comunicación.

Estou seguro tamén que, das apertadas sesións que integran o programa do congreso, agromarán novos equipos de traballo interculturais que permitan enriquecer a realidade da comunicación con perspectivas diferentes e críticas.

Reitero, pois, os meus parabéns e declaro inaugurado este congreso.

Moitas grazas.